



698 12 72 41



## Os socialistas instan ao concello a elaborar un plan de rehabilitación e conservación das fontes do municipio do Irixo

1, Marzo 2019 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)



O Irixo ten a maioría das súas fontes caídas en total abandono e desleixo e en moitos casos case desaparecidas ante a pasividade do goberno municipal, denuncian dende o PSdeG.

Algunhas incluso non se da chegado pola maleza, ou non existe un acceso pavimentado que permita con facilidade chegar a elas... fontes en pobos que en moitas ocasións os propios veciños foron arranxando ante "a falta de iniciativa e parálise do goberno municipal", advirten.

Fontes ás que tampouco se analizan as súas augas como xa puxo se manifesto o portavoz socialista ante o pleno da corporación municipal.

"Lamentable que o Grupo de goberno despilfarre miles de euros en cousas non necesarias e non sexa quen de conservar o patrimonio e neste caso de conservar, rehabilitar e poñer en valor as fontes dos distintos pobos do noso concello", afirman.

O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou o pasado 20 de febreiro, unha MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE REHABILITACIÓN, CONSERVACIÓN E POSTA EN VALOR DAS FONTES DOS POBOS DO IRIXO, con esta exposición de motivos:

TELÉFONO

988 530 228

FAX

988 530 229

CONTESTADOR

988 275 007



RADIO EN DIRECTO

[COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO](#)
[ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA](#)
[ENLACE DIRECTO](#)

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, 5. Marzo 2019  
22:00-00:00



Chuvia forte  
12 °C

Mañá, 6. Marzo 2019  
12:00-18:00



Chuvia  
8 °C

7. Marzo 2019  
12:00-18:00



Chuvia  
8 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

O MUSICAL INFANTIL "LA BELLA Y LA BESTIA" CHEGA AO AUDITORIO DO CARBALLIÑO, O VENRES DIA 15 DE FEBREIRO ÁS 6 DA TARDE. ENTRADA 12

PRIMEIRO.- Que é responsabilidade do Concello de O Irixo a recuperación e posta en valor do patrimonio deste concello para evitar que éste se deteriore de forma irremediable e incluso chegue a desaparecer co paso do tempo.

Que o noso concello como administración máis próxima ó cidadán, debería traballar arreo polo futuro e o progreso do noso concello e para proporcionar unha mellor calidade de vida e benestar dos seus veciños e veciñas.

SEGUNDO.- Que como xa temos manifestado en outras ocasións, a recuperación e conservación do patrimonio do concello debe ser, ademais, unha obriga canto menos moral dos dirixentes deste concello; na actualidade esta obriga tradúcese en deixadez e abandono deste noso patrimonio.

TERCEIRO.- Que dentro de ese patrimonio, que ademais ten unha función en moitos casos importante ou esencial para a vida da nosa veciñanza, encóntranse as nosas fontes, as fontes que os nosos pobos dende tempo inmemorial teñen para uso dos seus veciños. Moitas destas fontes, na actualidade, caídas en total abandono e desleixo e en moitos casos case desaparecidas ante a pasividade do goberno municipal.

CUARTO.-Que hai ó longo de todo o noso concello moitas fontes abandonadas, e a algunhas incluso non se da chegado pola maleza, ou non existe un acceso pavimentado que permita con facilidade chegar a elas... fontes en pobos que en moitas ocasións os propios veciños foron arranxando ante a falta de iniciativa e parálise do goberno municipal.

QUINTO.-Fontes ás que tampouco se analizan as súas augas como xa pedimos noutra moción traída a este pleno, pero en algúns casos xa da o mesmo, porque non se sabe onde está a fonte por atoparse tapada pola maleza ou sendo imposible o acceso á mesma.

SEXTO.-Que é lamentable que o Grupo de goberno despilfarrar miles de euros en cousas non necesarias e non sexa quen de conservar o patrimonio e neste caso de conservar, rehabilitar e poñer en valor as fontes dos distintos pobos do noso concello.

SÉTIMO.- Que existen fontes no Irixo desaparecidas entre a maleza e sen acceso, a maioría en estado lamentable, incluso algúns casos para coller auga hai que poñerse de xeonllos ou non dispoñen dun acceso digno nin accesible. Outras, ademais, debido a anos de abandono, fixeron que incluso perderan o seu manancial.

Os socialistas creemos que se debe facer unha intervención urxente para a conservación e mantemento das nosas fontes para que recuperen todo o seu esplendor e restablecendo así e poñendo en valor unha peza máis do gran patrimonio do noso concello para orgullo dos veciños e veciñas de O Irixo e disfrute de toda a veciñanza.

Que dito todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo presenta para a súa consideración e dada a importancia da conservación e posta en valor das fontes dos pobos do Irixo como parte tamén do patrimonio do noso concello, insta ó Pleno municipal á adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.-Que o Concello de O Irixo poña en marcha un plan de rehabilitación, conservación e posta en valor das fontes dos pobos do Irixo.

2º.-Que se solicite das distintas administracións unha subvención destinada para a posta en marcha desta iniciativa.

EUROS EN VENDA ANTICIPADA E 15 EUROS EN TAQUILLA.

FESTA ROMARIA DE SANMPAIO-MASIDE OS DIAS 26 E 27 DE XANEIRO. AMENIZADA POLO GRUPO M3, A ORQUESTRA OLIMPUS E A CHARANGA-ESPECTÁCULO ARDORES.

NADAL MUSICAL NO CONCELLO DE CEA: O DOMINGO DIA 23 DE DECEMBRO ÁS 17 HORAS NO CENTRO MULTIUSOS: PANXOLIÑAS CO CORO DE CEA E CAMERATA AURIENSE.

CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE BOBORÁS, O SÁBADO 22 DE DECEMBRO ÁS 6,30 DA TARDE NA IGREXA PARROQUIAL DE XUVENCOS.

CONCERTO DE NADAL DA CORAL POLIFONICA DO CASINO DO CARBALLIÑO E A BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE, SABADO 15 DE DECEMBRO AS 8 DA TARDE, GRATUÍTO, NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO

FESTA DO VIÑO NOVO DE CABANELAS: DOMINGO 25 DE NOVIEMBRE, AMENIZADA POLA CHARANGA CASTRO BELLO, DESGUSTACIÓN DE VIÑO NOVO E CASTAÑAS E XANTAR POPULAR ÁS 14 HORAS CON PULPO, CHOURIZOS CON CACHELOS, CARNE COCIDA, E POSTRES.

FESTA DOS COGUMELOS DE SOUTELO DE MONTES, O DOMINGO 4 DE NOVIEMBRE. ANDAINA, EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS DA TERRA, E POR 8 EUROS UN MENÚ CON 3 PRATOS A BASE DE COGUMELOS: EN EMPANADA, CON CALLOS, E ARROZ CON XABARÍN, OS NENOS GRATIS.

FESTA DOS CALLOS DO CONCELLO DE PIÑOR, O DOMINGO 7 DE OUTUBRO ÁS 2 DA TARDE NO CAMPO DA FESTA DE ARENTEIRO: EMPANADA, LACÓN ASADO, CALLOS, PAN VIÑO E POSTRES, POR 15 EUROS. MÚSICA EN DIRECTO E CONCENTRACIÓN DE MOTOS CLÁSICAS.

ANDAINA E TRAIL DO OUTONO DO CONCELLO DE PIÑOR: DOMINGO 30 DE SETEMBRO CON SAÍDA ÁS 10 DA MAÑÁ DENDE O CAMPO DA FESTA DO POBO DO ARENTEIRO E UN RECORRIDO DE 13 KILÓMETROS POLOS SENDEIROS DO MUNICIPIO.

ROMARIA DA SALETA EN ASTURESES: DIA 18, BAIXADA DA VIRXEN ÁS 18:30 HROAS, VERBENA E CEA POPULAR. DIA 19: MISAS DENDE AS 8,30 HORAS E SOLEMNE ÁS 13 HORAS, XANTAR CAMPESTRE CON MÚSICA TRADICIONAL, FESTA E VERBENA CON ECLIPSE E LA OCA BAND.



698 12 72 41

